

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 12 DE SETEMBRO DE 2018

Lista de asistentes

Equipo Decanal

Cadilla Lomba, Josefina T.

Reboreda Morillo, Susana

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

Prada Rodríguez, Julio

Vaquero Díaz, Beatriz

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

No Decanato da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen os membros da Comisión Permanente, o mércores 12 de setembro de 2018, ás 13.00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2018.

2.- Aprobación, se procede, da solicitude de actividade extraacadémica e cultural que se desenvolverá durante o mes de outubro.

3.- Aprobación, se procede, das solicitudes de recoñecementos de créditos presentadas por Benilde Bilbao Echegaray, María del Mar Feijoo Piñeiro, Gerardo Pacios Cancelo, e María Martínez Rodríguez.

4.- Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2018.

Apróbase por asentimento.

2. Aprobación, se procede, da solicitude de actividade extraacadémica e cultural que se desenvolverá durante o mes de outubro.

Explica a decana as liñas xerais da actividade *Roteiro cultural e enográfico A Vila de Melgaço* organizada pola Facultade de Historia que se realizará o día 19 de outubro á Vila de Melgaço e que ten como obxectivos, coñecer o patrimonio histórico, artístico e xeográfico de Melgaço, en consonancia cos obxectivos do título; potenciar o



coñecemento dun sector en auxe o enoturismo; e realizar unha actividade conxunta que favoreza a convivencia entre a comunidade do centro.

Apróbase por asentimento.

3.- Aprobación, se procede, das solicitudes de recoñecementos de créditos presentadas por Benilde Bilbao Echegaray, María del Mar Feijoo Piñeiro, Gerardo Pacios Cancelo, e María Martínez Rodríguez.

Expón que ata o de agora ás solicitudes de recoñecemento de créditos, eran resoltas polo profesorado da área afín. Considera convinte que en adiante se pasen por comisión permanente porque dese xeito queda oficializado ese recoñecemento.

Apróbanse por asentimento

4. Rogos e preguntas.

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.30 h do día 12 de setembro de 2018, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina T. Cadilla Lomba